

GUÍAS PARA UNHA DOCENCIA UNIVERSITARIA
CON PERSPECTIVA DE XÉNERO

Educación e Pedagogía

Montserrat Rifà Valls



2020
Universidade da Coruña
Universidade de Santiago de Compostela
Universidade de Vigo

EDUCACIÓN E PEDAGOXÍA

Montserrat Rifà Valls

2020

Universidade da Coruña
Universidade de Santiago de Compostela
Universidade de Vigo

GUÍAS PARA UNHA DOCENCIA UNIVERSITARIA CON PERSPECTIVA DE XÉNERO

Colección impulsada polo Grupo de Traballo de Igualdade de Xénero
da Xarxa Vives d'Universitats

Elena VILLATORO BOAN, presidenta da Comisión de Igualdade e Conciliación de Vida Laboral e Familiar, Universidade Abat Oliba CEU • **Mª José RODRÍGUEZ JAUME**, vicerreitora de Responsabilidade Social, Inclusión e Igualdade, Universidade de Alacante • **Cristina YÁÑEZ DE ALDECOA**, coordinadora da Reitoría en Internacionalización e Relacións institucionais, Universidade de Andorra • **Joana GALLEGRO AYALA**, directora do Observatorio para a igualdade, Universidade Autónoma de Barcelona • **M. Pilar RIVAS VALLEJO**, directora da Unidade de Igualdade, Universidade de Barcelona • **Ruth María ABRIL STOFFELS**, directora da Unidade de Igualdade, Universidade CEU Cardeal Herrera • **Ana M. PLA BOIX**, delegada do reitor para a Igualdade de Xénero, Universidade de Xirona • **Esperança BOSCH FIOL**, directora e coordinadora da Oficina para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes, Universidade das Illas Baleares • **Consuelo LEÓN LLORENTE**, directora do Observatorio de Políticas Familiares, Universidade Internacional de Cataluña • **Mercedes ALCANIZ MOSCARDÓ**, directora da Unidade de Igualdade, Universidade Jaume I • **Anna ROMERO BURILLO**, directora do Centro Dolors Piera de Igualdade de Oportunidades e Promoción das Mulleres, Universidade de Lleida • **María José ALARCÓN GARCÍA**, directora da Unidade de Igualdade, Universidade Miguel Hernández de Elche • **María OLIVELLA QUINTANA**, directora do Grupo de Igualdade de Xénero, Universidade Aberta de Cataluña • **Dominique SISTACH**, responsable da Comisión de Igualdade de Oportunidades, Universidade de Perpignan Via Domitia • **Sílvia GÓMEZ CASTÁN**, técnica de Igualdade do Gabinete de Innovación e Comunidade, Universidade Politécnica de Cataluña • **M. Rosa CERDÀ HERNÁNDEZ**, responsable da Unidade de Igualdade, Universidade Politécnica de Valencia • **Tània VERGE MESTRE**, directora da Unidade de Igualdade, Universidade Pompeu Fabra • **Maite SALA RODRÍGUEZ**, técnica de relacións internacionais e estudantes, Universidade Ramon Llull • **Inma PASTOR GOSÁLVEZ**, directora do Observatorio da Igualdade, Universidade Rovira i Virgili • **Amparo MANÉS BARBÉ**, directora da Unidade de Igualdade, Universidade de Valencia • **Anna PÉREZ I QUINTANA**, directora da Unidade de Igualdade, Universidade de Vic - Universidade Central de Cataluña

Edición promovida pola Xarxa Vives d'Universitats en colaboración coas Universidades da Coruña, Vigo e Santiago de Compostela

© Xarxa Vives d'Universitats, 2018, da edición orixinal
© Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela,
Universidade de Vigo, 2020, desta edición

Tradución

Milena Vázquez Fernández

Deseño e maquetación

José María Gairí

Edición técnica

Servizo de Publicacións

Universidade de Santiago de Compostela

Campus Vida

15782 Santiago de Compostela

usc.gal/publicacions

Edición dixital en acceso aberto



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0

<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

•• ÍNDICE

Presentación	5
Artes e humanidades.....	6
Ciencias Sociais E Xurídicas.....	7
Ciencias.....	7
Ciencias da vida.....	7
Enxeñarías.....	7
01. Introducción	8
02. Implicacións da cegueira de xénero	10
03. Propostas xerais para incorporar a perspectiva de xénero na docencia	13
04. Boas prácticas	18
Obxectivos da materia/módulo.....	18
Contidos das materias/dos módulos.....	20
ESTUDOS DE GRAO DE MESTRE/A DE EDUCACIÓN INFANTIL E DE EDUCACIÓN PRIMARIA.....	20
ESTUDOS DE GRAO DE PEDAGOXÍA.....	24
ESTUDOS DE GRAO DE EDUCACIÓN SOCIAL.....	25
ESTUDOS DE MÁSTER DE FORMACIÓN DO PROFESORADO DE SECUNDARIA E FORMACIÓN COMPLEMENTARIA.....	27
Métodos docentes.....	29
Modalidades organizativas das dinámicas docentes.....	30
Avaliación das materias.....	32
05. Recursos docentes	36
Linguaxe sensible ao xénero en educación.....	36
Coeducación e formación do profesorado.....	36
Exemplos de datos desagregados por sexo e análise sensible ao xénero.....	37

Propostas para traballar a igualdade de xénero na aula.....	37
Materiais visuais sensibles ao xénero	38
06. Ensinar a facer buscas sensibles ao xénero.....	39
Exemplo 1. Avaliación dun TFG do grao de Pedagogía para optar ao Premio ao Mellor Traballo de Fin de Grao con Perspectiva de Xénero.....	39
GRAO EN PEDAGOXÍA.....	39
Exemplo 2. Formarse como investigador/a en educación a par- tir de incorporar a perspectiva de xénero nos TFM.....	41
MÁSTER DE INVESTIGACIÓN EN EDUCACIÓN.....	41
07. Ferramentas de consulta.....	43
Webgrafía.....	43
Bibliografía de referencia.....	44
Ligazóns a guías docentes de materias específicas de xénero.....	47
Glosario.....	48
08. Para afondar.....	49

•• Presentación

Que é a perspectiva de xénero e que relevancia ten na docencia dos programas de grao e de posgrao? Aplicada ao ámbito universitario, a transversalización de xénero ou *Gender mainstreaming* é unha política integral para promover a igualdade de xénero e a diversidade na investigación, a docencia e a xestión das universidades, todos eles ámbitos afectados por diferentes nescgos de xénero. Como estratexia transversal, implica que todas as políticas teñan en conta as características, as necesidades e os intereses tanto de mulleres como de homes, distinguindo os aspectos biolóxicos (sexo) das representacións sociais (normas, roles, estereotipos) que se constrúen cultural e historicamente da feminidade e da masculinidade (xénero) a partir da diferenza sexual.

A Xarxa Vives de Universidades (XVU) promove a cohesión da comunidade universitaria e reforza a proxección e o impacto da universidade na sociedade impulsando a definición de estratexias comúns, especialmente no ámbito de acción da perspectiva de xénero. É oportuno lembrar que as políticas que non teñen en conta estes roles diferentes e estas necesidades diversas, e, por tanto, son cegas ao xénero, non axudan a transformar a estrutura desigual das relacións de xénero. Isto tamén é aplicable á docencia universitaria, a través da cal lle ofrecemos ao alumnado unha serie de coñecementos para entender o mundo e intervir no futuro desde o exercicio profesional, proporcionamos fontes de referencia e autoridade académica e buscamos fomentar o espírito crítico.

Unha transferencia de coñecemento nas aulas sensible ao sexo e ao xénero comporta diferentes beneficios, tanto para o profesorado como para o alumnado. Dunha parte, se se afonda na comprensión das necesidades e os comportamentos do conxunto da poboación, evítanse as interpretacións parciais ou nescgadas, tanto a nivel teórico como empírico, que se producen cando se parte do home como referente universal ou non se ten en conta a diversidade do suxeito mulleres e do suxeito homes. Deste xeito, incorporar a perspectiva de xénero mellora a calidade docente e a relevancia social dos coñecementos, das tecnoloxías e das innovacións (re)producidas.

Da outra, fornecer ao alumnado novas ferramentas para identificar os estereotipos, normas e roles sociais de xénero contribúe a desenvolver o seu espírito crítico e a que adquiera competencias que lle permitan evitar a cegueira de xénero na súa práctica profesional futura. Así mesmo, a perspectiva de xénero permítelle ao profesorado prestar atención ás dinámicas de xénero que teñen lugar na contorna de aprendizaxe e adoptar medidas que aseguren que se atende á diversidade do estudantado.

O documento que tes nas túas mans é froito do plan de traballo bianual 2016/17 do Grupo de Traballo de Igualdade de Xénero da XVU, centrado na perspectiva de xénero, na docencia e na investigación universitaria. Nunha primeira fase, o informe *La perspectiva de gènere en docència i recerca a les Universitats de la Xarxa Vives: Situació actual i reptes de futur* (2017), coordinado por Tània Verge Mestre (Universidade Pompeu Fabra) e Teresa Cabruja Ubach (Universidade de Xirona), constatou que a incorporación efectiva da perspectiva de xénero na docencia universitaria seguía sendo un reto pendente, a pesar do marco normativo vixente nos contextos europeo, estatal e dos territorios da XVU.

Un dos principais retos identificados neste informe para superar a falta de sensibilidade ao xénero dos currículos dos programas de grao e de posgrao era a necesidade de formar o profesorado nesta competencia. Nesta liña, apuntábase a necesidade de contar con recursos docentes que axuden o profesorado a facer unha docencia sensible ao xénero. Así, nunha segunda fase, elaborouse o recurso *Guies per a una docència universitària amb perspectiva de gènere*, baixo a coordinación de Teresa Cabruja Ubach, M.^a José Rodríguez Jaume (Universidade de Alacante) e Tània Verge Mestre. Elaboráronse en conxunto once guías, entre unha e catro por ámbito de coñecemento, que foron encargadas a profesoras expertas na aplicación da perspectiva de xénero na súa disciplina de diferentes universidades:

Artes e humanidades

Historia: Mónica Moreno Seco (Universidade de Alacante)

Historia da Arte: Maria Lluïsa Faxedas Brujats (Universidade de Xirona)

Filoloxía e Lingüística: Montserrat Ribas Bisbal (Universidade Pompeu Fabra)

Filosofía: Sonia Reverter-Bañón (Universidade Jaume I)

Ciencias Sociais E Xurídicas

Dereito e Criminoloxía: María Concepción Torres Díaz (Universidade de Alacante)

Socioloxía, Economía e Ciencia Política: Rosa Maria Ortiz Monera e Anna María Morero Beltrán (Universidade de Barcelona)

Educación e Pedagogía: Montserrat Rifà Valls (Universidade Autónoma de Barcelona)

Ciencias

Física: Encina Calvo Iglesias (Universidade de Santiago de Compostela)

Ciencias da vida

Medicina: María Teresa Ruiz Cantero (Universidade de Alacante)

Psicoloxía: Esperanza Bosch Fiol e Salud Mantero Heredia (Universidade das Illas Baleares)

Enxeñarías

Ciencias da Computación: Paloma Moreda Pozo (Universidade de Alacante)

Aprender a incorporar a perspectiva de xénero nas materias impartidas non implica máis que unha reflexión sobre os diferentes elementos que configuran o proceso de ensino-aprendizaxe, partindo do sexo e do xénero como variables analíticas clave. Para poder revisar as vosas materias desde esta perspectiva, nas *Guías para unha docencia universitaria con perspectiva de xénero* atoparedes recomendacións e indicacións que cobren todos estes elementos: obxectivos, resultados de aprendizaxe, contidos, exemplos e linguaxe utilizados, fontes seleccionadas, métodos docentes e de avaliación e xestión da contorna de aprendizaxe. Despois de todo, incorporar o principio de igualdade de xénero non é só unha cuestión de xustiza social, senón de calidade da docencia.

Teresa Cabruja Ubach, María José Rodríguez Jaume e Tània Verge Mestre

Coordinadoras

•• 01. Introducción

Montserrat Rifà Valls, profesora da Universidade Autónoma de Barcelona (UAB), recolle nesta guía un amplo abano de recomendacións para introducir a transversalización de xénero na docencia da educación e da pedagogía. A través da docencia ofrecemos ao alumnado unha serie de coñecementos para entender o mundo e as relacións sociais, amais de lle proporcionar fontes de referencia e autoridade académica, así como tamén perseguimos poñer en práctica a participación e o espírito crítico. Como se pon de manifesto nesta guía, sen unha reflexión sobre os nesgos de xénero que poden estar presentes no exercicio da nosa docencia, o profesorado pode contribuír a reforzar e perpetuar a desigualdade de xénero.

Por este motivo, comézase cunha discusión dos aspectos que marcan a **cegueira de xénero** das disciplinas traballadas nesta guía e as súas implicacións (segundo apartado). Ao respecto, sinálase a contradición que existe entre a feminización crecente dos estudos de educación e a aínda escasa atención aos indicadores de desigualdade na práctica da educación e da pedagogía por parte do profesorado, malia o amplo desenvolvemento teórico producido nas últimas décadas á volta do xénero e a educación.

Deseguido a guía recolle diferentes ferramentas para axudar o profesorado a realizar unha docencia sensible ao xénero. Por unha parte, ofrécense **propostas xerais** para incorporar a perspectiva de xénero na docencia (terceiro apartado). Para iso, danse a coñecer as conceptualizacións e teorías do xénero para a educación, e os seus principais enfoques e metodoloxías. Pola outra, preséntanse propostas concretas para introducir a perspectiva de xénero na docencia das disciplinas mencionadas, cunha serie de **boas prácticas** que comprenden contidos, avaliacións e metodoloxías docentes na educación e na pedagogía (cuarto apartado).

A guía tamén inclúe diferentes **recursos docentes** (quinto apartado) e proporciona indicacións sobre como o profesorado pode axudar ao alumnado á hora de incorporar a **perspectiva de xénero na investigación**, especialmente nos traballos de fin de grao (TFG) ou os traballos de fin de máster

(TFM) (sexto apartado). Así mesmo, recóllense diferentes **ferramentas de consulta**, como páxinas webs, bibliografía, un glosario de conceptos e ligazóns a guías docentes que poden servir de exemplo (sétimo apartado). Por último, deseñouse unha bibliografía de referencia **para afondar** no proceso de reflexión sobre como impartir unha docencia sensible ao xénero (oitavo apartado).

•• 02. Implicacións da cegueira de xénero

A **feminización dos estudos de educación** evidencia os nesgos de xénero na formación e no desenvolvemento profesional das educadoras, como alerta Izquierdo (2008), cunha orientación clara cara ao coidado nos graos de Mestre/a de Educación Infantil. Na Universidade de Valencia, a estabilización da tendencia de que «todas as especialidades de maxisterio feminizadas —excepto Educación Física— tiñan unha porcentaxe de mulleres que oscilaba entre o 82% e o 96% da matrícula» (Perelló, 2013: 44), fai visible o sexismo e as desigualdades provocadas polo sistema sexo-xénero, que é aplicable a todas as universidades. Para afondar nesta análise é clave comprender como afectan á educación a segregación vertical, é dicir, as posicións que ocupan homes e mulleres nos estudos e nas profesións; e a segregación horizontal, isto é, a distribución de homes e mulleres segundo as áreas do coñecemento ou disciplinas.

Nun estudo sobre a **cegueira de xénero** na educación, entendida como a dificultade para recoñecer os indicadores de desigualdade por parte do profesorado, chégase á conclusión de que afecta de maneira diferente a homes e mulleres, mais que no plano relacional, concretamente canto á práctica educativa, tanto uns como as outras mostran os mesmos niveis de dificultade (García-Pérez *et al.*, 2010). Aquí tamén se destaca que o uso dunha linguaxe non sexista é un dos principais retos, e que, en definitiva, a formación inicial do profesorado debería asumir que o «desenvolvemento de competencias da aprendizaxe do xénero debe comezar polo nivel máis básico, pola súa capacitación para recoñecer e actuar ante a desigualdade» (García-Pérez *et al.*, 2010: 324). Unha tarefa que se pode levar a cabo mediante a adopción de estratexias por parte dos futuros educadores/as é que lles ensinen a aprender, a reflexionar e a intervir de xeito crítico na súa propia práctica, a revisar as súas autorrepresentacións e incorporar metodoloxías pedagóxicas emancipadoras.

Nos anos setenta e oitenta, a proliferación de estudos en educación desde unha perspectiva de xénero foi froito da perturbación do feminismo

como movemento social nos anos sesenta e do seu impacto na academia. Historicamente, nun contexto amplo, distínguense as seguintes fases, os seguintes focos, que constitúen as diferentes olladas que abordan a **relación entre xénero e educación**:

- a) **Crítica á reprodución do sistema sexo-xénero.** A énfase inicial na teoría da reprodución que cuestiona a masculinidade hexemónica, desde a diferenza sexual, permite analizar o acceso das mulleres ás institucións educativas e a crítica ás formas de coñecemento do patriarcado (escolarización, recursos, profesionalización) (Mitrano, 1981; Miller, 1982; Grumet, 1988; Pagano, 1990).
- b) **Resistencias do xénero ás desigualdades.** Céntrase na análise dos estereotipos, para transformar radicalmente o contido da educación e reflectir os intereses e as experiencias das mulleres. Hai un desprazamento das teorías da reprodución cara ás da resistencia (Bonafant, 1998) desde a relación entre xénero, clase e raza (McRobbie, 1978; Anyon, 1983; Arnot e Weiler, 1993; Acker, 1994).
- c) **Transversalización do xénero.** Os principios de igualdade e equidade de xénero en educación defendidos na IV Conferencia Mundial de Mulleres de Beijing (1995) traen consigo unha transversalización de xénero que busca «o uso dunha perspectiva de xénero en todos os estadios do desenvolvemento e a implementación de políticas, plans, programas e proxectos» (Leo-Rhynie, 1999: 9) en todos os sectores e niveis educativos.
- d) **Pedagoxías feministas e queer.** As teóricas postestruturalistas críticas que repensan o xénero desde Foucault e o feminismo poñen atención no desexo, na linguaxe, no poder e na construción da subxectividade (Belausteguigoitia e Mingo, 1999). Apúntase ás pedagogías da vida cotiá, da diferenza e do desexo (Luke, 1999; Ellsworth, 2005; Talburt e Steinberg, 2005).
- e) **Interseccionalidade de xénero e pedagogías decoloniais.** A interseccionalidade en educación mira aos suxeitos desde a relación das categorías de sexo-xénero, raza-etnia, clase social,

orientación sexual, discapacidade e idade (Rifà e Duarte, 2013; Rifà, Duarte e Ponferrada, 2015). As pedagogías decoloniais propoñen metodoloxías para descolonizar o «eu», as prácticas e o poder (Walsh 2013).

•• 03. Propostas xerais para incorporar a perspectiva de xénero na docencia

Nesta sección desenvólvense as conceptualizacións e as teorías de xénero para a educación, co fin de definir as súas principais achegas e implicacións e dotar así dun marco xeral a proposta de incorporación da perspectiva de xénero na docencia. O seguinte cadro anticipa as relacións que existen entre estas conceptualizacións e teorías, así como os diferentes enfoques e metodoloxías en educación que guían os exemplos que se explican no seguinte apartado.

Conceptualizacións e teorías do xénero (apartado 03)	Enfoques e metodoloxías en educación (apartado 04)
Análise do sistema sexo-xénero	Coeducación
Performatividade e <i>performance</i> do xénero	Pedagoxías feministas e <i>queer</i>
Interseccionalidade do xénero	Metodoloxías feministas decoloniais

En primeiro lugar, dado que unha das metas principais da docencia universitaria nos ámbitos da formación inicial de mestres/as, pedagogos/as e educadores/as sociais é recoñecer e combater as desigualdades, é importante aprender a interpretar as implicacións do sistema sexo-xénero en educación, que poden ser diversas.

Segundo Gayle Rubin (1975: 159), a análise do sistema sexo-xénero posibilita a crítica ao «sistema de relacións a través do cal unha sociedade transforma a sexualidade biolóxica en produtos da actividade humana, e mediante o cal estas necesidades sexuais transformadas son satisfeitas». A interpretación e o estudo do sistema sexo-xénero en educación lévanse

a cabo en diferentes direccións que permiten desmontar a heterossexualidade obrigatoria baseada na asunción binaria do sexo, o xénero e a sexualidade; avaliar a división sexual do traballo na profesión docente e as actividades na aula mediante a análise dos intereses a que serve esta distribución, examinando os grupos representados e excluídos; e reflexionar criticamente sobre as relacións de poder de xénero que contribuímos a perpetuar na formación da masculinidade e a feminidade, a partir dos significados que outorgamos.

O recoñecemento do funcionamento do sistema sexo-xénero é un primeiro paso para tomar conciencia da reprodución das desigualdades e do sexismo no sistema educativo, é a base para lograr incorporar medidas que nos axudan a revertelos, como as que establece o Plan para a igualdade de xénero no sistema educativo da Generalitat de Cataluña¹. Desta forma, unha proposta xeral é o deseño de indicadores que permiten avaliar e transformar a reprodución destas desigualdades na educación, como os que se establecen no devandito plan, agrupados en diferentes eixes: visibilización, formación, traballo colaborativo, globalización do coidado, orientación nos estudos, linguaxe non sexista, equilibrio de xénero, diversidade sexual e afectiva, prevención da violencia de xénero e o acoso.

Nesta mesma liña, se poñemos atención ás relacións entre coñecemento, poder e xénero na educación, cómpre combater o androcentrismo e o falogocentrismo² na ciencia e na docencia. A análise da educación e o

¹ <https://bit.ly/2LL2ilh>.

² O androcentrismo é a adopción do universal masculino para a comprensión e valoración do mundo, o que no ámbito do coñecemento e das aprendizaxes supón aceptar o predominio dun punto de vista e dun saber construídos desde a visión do home, que a miúdo invisibilizan os demais puntos de vista e saberes producidos polas mulleres e outras minorías.

Por outra banda, segundo a Wikipedia: «En teoría crítica e deconstrución, falogocentrismo é un neoloxismo acuñado por Jacques Derrida (e explicado no seu texto *A farmacia de Platón*), e utilizado hoxe en lingüística e socioloxía, que fai referencia ao privilexio do masculino na construción do significado» (<https://bit.ly/2LKetib>).

currículo desde a teoría crítica e a perspectiva feminista fixo cambalear as relacións de poder do capitalismo e as formas do patriarcado nos libros de texto, nos contidos e na aula. Evidencia os mecanismos de selección excluíntes —por facer visible a masculinidade dominante— e mostra tamén que a epistemoloxía non é nunca neutral (Harding, 1986; Scott, 1989), senón que recolle a experiencia de quen coñece. Prestar atención ás relacións entre coñecemento, poder e xénero implica revisar os procesos de produción científica do coñecemento en todas as áreas e disciplinas, para facer visibles as persoas que contribúen a xerar este coñecemento e as súas diversidades e facerse sensible a como estes procesos se transforman na aula.

Desta forma, podemos visibilizar a diversidade atendendo ás posicións identitarias e de xénero de quen constrúe este coñecemento, apreciando que hai unha conexión entre saberes e identidades docentes e discentes. Trátase dunha estratexia xeral que fai explícitos os mecanismos de produción do coñecemento e do significado centrados habitualmente no home como universal, coa intención de multiplicar os puntos de vista e os significados na ciencia e na docencia. Xa que logo, a análise do sistema sexo-xénero que describimos permite estudar o acceso, a promoción e a mobilidade dentro do sistema educativo que posiciona a educadores/as e estudantes de forma diferente, e pódese combinar coa interpretación sobre a produción de coñecemento e coas oportunidades de aprendizaxe que ofrecemos. Como veremos no seguinte apartado, a perspectiva da coeducación permitíranos facer fronte ao sexismo que atravesa o ensino e a docencia.

En segundo lugar, podemos aproximarnos á educación rompendo co binario sexo-xénero, a interpretarmos que o xénero é sempre unha acción, unha forma de facer, así como unha práctica discursiva que acontece e que está sempre aberta á intervención e á resignificación (Butler, 1989). Se poñemos a atención na **performatividade** da educación, fixarémonos nos procesos de regulación social e normativización en que están inmersas as institucións, as reformas educativas e as situacións na aula onde os/as

profesionais da educación interveñen, incluídos os dispositivos de planificación, o desenvolvemento do currículo ou a intervención socioeducativa e a avaliación; é dicir, podemos reflexionar sobre que espazos estamos contribuíndo a crear para que emerxan identidades, relacións e sexualidades non heteronormativas.

Desde a perspectiva que di que «o xénero é unha *performance*; é o que ti fas nun tempo particular e non tanto o universal que ti es» (Gauntlett, 1998), as situacións educativas son espazos e tempos onde se xeran oportunidades para aprender o xénero. En resumo, a «*performance* suxire que o ensino é un proceso en que os/as docentes non son autores/as senón que representan identidade, autoridade e relacións para coñecer no marco de relacións intersubxectivas que están a ser construídas contextualmente» (Talburt, 2000: 84).

Nas prácticas educativas, o **xénero como *performance*** implica comprender a aula como un espazo ou laboratorio de experimentación das identidades, do xénero, das relacións, das sexualidades e dos desexos. A conceptualización do xénero como *performance* configura a base das pedagogías feministas e *queer* e conecta coas teorías interseccionais do xénero.

Así, en terceiro lugar, desde o punto de vista de Patil (2013), fixarémonos en como o patriarcado e o colonialismo son mutuamente constituíntes, dado que a definición das masculinidades e feminidades en Occidente está relacionada con como representamos os/as demais. Grant e Zwier (2012), sosteñen que a incorporación da interseccionalidade ao ensino dáse a través da educación multicultural e para a xustiza social, e, por tanto, a interseccionalidade do xénero en educación aparece da man das propostas que buscan a equidade para combater as desigualdades raciais e étnicas. No seu traballo, indican que as implicacións dos estudos interseccionais para a educación pódense agrupar nestes tres focos:

- a) **Identidades coconstituídas:** as identidades constrúense e non se atopan prefixadas, por iso «a interseccionalidade ofrece ao profesorado unha vía para comprender a dinámica do poder dentro das

representacións mutuamente construídas do eu e dos/as demais e como interactúan nos espazos educativos» (Grant e Zwier, 2012: 8). A interseccionalidade proporciona o marco holístico para comprender o impacto das políticas educativas na experiencia persoal e cuestionar as identidades dominantes.

- b) **Sistema opresivo** (espazos, procesos, estruturas, regras e organizacións): ademais de criticar as oportunidades de éxito ou fracaso das identidades atendendo á interrelación de categorías, de acordo cos procesos políticos de normativización, a interseccionalidade interpela os/as educadores/as sobre «como están a definir os comportamentos disruptivos e inapropiados de forma que discriminan aqueles que fallan fóra das normas culturais dominantes. Kumashiro urxe os/as educadores a «problematizar as interseccións», preguntándose a si mesmos/as que preconcepcións son disruptivas e cales preconcebidas» (Grant e Zwier, 2012: 11).
- c) **Opresións discursivas** (estereotipos e prexuízos): a interseccionalidade, desde este foco, «é unha ferramenta poderosa para reformar a xustiza social na política e na práctica educativa. Expón como as formas normativas de enmarcar a identidade exclúen ou marxinan os/as estudantes e cales son as comprensións das habilidades e as experiencias de vida dos/as estudantes por parte do profesorado» (Grant e Zwier, 2012: 14).

•• 04. Boas prácticas

Unha vez introducidas as ideas principais en relación aos nesgos de xénero da educación e a pedagogía e presentadas as principais propostas para introducir unha perspectiva de xénero, neste apartado concrétese con maior detalle como incorporar estas aprendizaxes na docencia. Preséntanse exemplos concretos de obxectivos e contidos docentes así como diferentes elementos a considerar en relación á avaliación, ás modalidades organizativas e ao método docente.

Obxectivos da materia/módulo

Dado que os estudos universitarios na rexión Vives están integrados no Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) e que predomina un modelo baseado en competencias, algunhas universidades comezaron o proceso de incorporar competencias transversais e específicas aos estudos (Observatorio para a Igualdade, 2017b). Así, o Observatorio para a Igualdade da UAB deseñou un conxunto de competencias específicas como proposta para incorporar nos graos de Educación que, de xeito resumido, buscan preparar os/as estudantes nas seguintes materias:

- a) Adquirir conciencia crítica para facer fronte ás desigualdades e aos nesgos de xénero.
- b) Analizar o sexismo, a LGTBfobia e calquera forma de discriminación, acoso e violencia de xénero.
- c) Repensar a infancia, a adolescencia e o rol das mulleres na educación desde unha perspectiva de xénero.
- d) Incorporar a coeducación en todos os niveis do sistema educativo.
- e) Transformar o coñecemento desde unha óptica non androcéntrica nin falogocéntrica.
- f) E construír identidades e cultura de xénero no ámbito profesional.

Unha mostra do tipo de competencias que se propoñen neste documento é a seguinte competencia (Observatorio para a Igualdade, 2017b: 4):

Demostrar coñecemento sobre a enculturación e socialización de xénero na infancia e na adolescencia —ou outras etapas—, así como sobre o rol das mulleres e do sistema de xénero (con todos os seus conceptos fundamentais) nestes procesos e a interacción cos sistemas educativos formais.

Se nos detemos no deseño e no desenvolvemento de obxectivos das materias, en primeiro lugar, temos que abordar a necesidade de formar os/as futuros/as educadores/as na coeducación, entendida como unha educación non sexista e non violenta, que de forma transversal educa en igualdade de dereitos e oportunidades nenas e nenos. Seguindo a Marina Subirats (2010: 10), a incorporación das nenas na educación implica reivindicar a súa presenza con valores e coñecementos específicos que se deben globalizar, así como eliminar calquera forma de exclusión nas escolas. En síntese, a coeducación é «educar os nenos e as nenas nuns mesmos valores, hábitos, actitudes e prácticas».

Neste sentido, é preciso prestar atención ao currículo oculto, os «prexuízos, entendidos como opinións preconcebidas e estereotipos, é dicir, aquelas imaxes mentais simplificadas que distorsionan a percepción da realidade» (Roset et al., 2008: 15). Analizar o currículo oculto desde unha perspectiva de xénero supón ter en conta como esconde a presenza das mulleres e das nenas, que modelo de feminidade e masculinidade se reproduce e, en definitiva, como se perpetúa o sexismo. Co fin de combater o sexismo desde a coeducación, formulamos este obxectivo nos graos de Educación a modo de exemplo:

Analizar as accións educativas do ámbito formal e non formal desde a perspectiva da coeducación, reflexionando sobre o acceso das nenas en igualdade de condicións, e interpretar os valores, os roles, os espazos, as tarefas e os materiais destas accións desde a igualdade de xénero.

En segundo lugar, tamén podemos formular este obxectivo desde as pedagogías feministas decoloniais e *queer*. Co fin de «*queerizar* a educación» debemos comprometernos «coa práctica radical de deconstruír a normalidade, [e]

isto significa que non pode necesariamente reducirse a ensinar por ou para suxeitos *queer*» (Trujillo, 2015: 1537), senón que hai que decolonizar os suxeitos (nenos/as, adolescentes, adultos/as, mulleres, migrantes, transexuais, discapacitados/as etc.) e os saberes mediante o rexeitamento de calquera proceso de normalización que sexa racista, sexista, homófobo ou excluínte, así como a xeración de novas oportunidades de ser, coñecer e aprender. En conclusión, este mesmo obxectivo poderíase reescribir da seguinte forma:

Analizar as accións educativas do ámbito formal e non-formal desde a interseccionalidade do xénero, reflexionando sobre os procesos de construción das identidades en educación, e interpretar os saberes, os corpos, os espazos, os tempos e os materiais destas accións desde a xustiza social, racial e de xénero.

Contidos das materias/dos módulos

ESTUDOS DE GRAO DE MESTRE/A DE EDUCACIÓN INFANTIL E DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Exemplo 1. Transformar as subjectividades infantís na educación con discursos feministas e decoloniais

Grao de Mestre/a de Educación infantil

Desenvolvemento da personalidade (0-6) (UAB, 1.º, FBC, 12 ECTS)

Grao de Mestre/a de Educación Primaria

Aprendizaxe e Desenvolvemento I (UAB, 2.º, FBC, 4 ECTS)

Aprendizaxe e Desenvolvemento II (UAB, 3.º, FBC, 4 ECTS)

As concepcións que as diferentes teorías sobre a aprendizaxe, o desenvolvemento humano e a personalidade teñen sobre o suxeito da infancia poden ser revisadas desde unha perspectiva de xénero. Valerie Walkerdine (1995 e 2000) explorou a formación das identidades na infancia desde unha perspectiva construcionista social, en contraste con algunhas visións máis estaticistas e universalistas do eu, que sitúan os nenos e as nenas no marco da psicoloxía da educación, a miúdo desde a herdanza piagetiana.

Con todo, no contexto das pedagogías feministas (Luke 1999; Korol, 2007), os saberes e a análise da vida cotiá convértense na clave para transformar as relacións desde unha perspectiva de xénero. Por outro lado, a produción da infancia con perspectiva de xénero, atópase entrelazada con outras formas de colonizala que actúan desde posicións adultocéntricas, etnificadoras e racializadoras (Cannella e Viruru, 2004).

A continuación preséntase un exemplo de contidos xa existentes no caso da guía docente da materia Aprendizaxe e Desenvolvemento I³ do grao de Educación primaria, que ten como profesora responsable a Ibis Marlene Álvarez Valdivia. Especificamente, o tema 3 da materia incorpora contidos de xénero:

1. O desenvolvemento emocional, afectivo, social e moral. A formación da identidade e as diferenzas individuais

- 1.1. O coñecemento social: desenvolvemento da empatía e das relacións sociais. Evolución do concepto de amizade
- 1.2. O desenvolvemento das normas e dos valores: razoamento moral
- 1.3. Interaccións entre iguais e status de grupo. Consecuencias socioeducativas
- 1.4. O autoconceito e a autoestima: dimensións e evolución
- 1.5. Identidade e xénero na idade escolar

Outros temas que se poderían incorporar como contidos nas materias sinaladas son estes:

- a) Perspectiva de xénero nas teorías da aprendizaxe e do desenvolvemento
- b) A representación das nenas nas teorías e pedagogías psicolóxicas
- c) A formación da identidade e do xénero na infancia: masculinidades e feminidades
- d) Xénero, raza e etnicidade na aprendizaxe e no desenvolvemento

³ <https://bit.ly/2P88Exb>.

- e) Xénero, corpos e diversidade afectivo-sexual na aprendizaxe e no desenvolvemento
- f) Diferenza de xénero no xogo e nos espazos infantís
- g) Reprodución e subversión dos roles de xénero
- h) A avaliación das aprendizaxes desde unha perspectiva de xénero

Exemplo 2. Análise e intervención atendendo ás relacións familiares, sociais e educativas en clave de xénero

Grao de Mestre/a de Educación infantil

Acción Titorial: Relacións entre Escola, Familia e Comunidade (UB, 1.º, OB, 6 ECTS)

Grao de Mestre/a de Educación primaria

Acción Titorial: Relacións entre Escola, Familia e Comunidade (UB, 2.º, OB, 6 ECTS)

No tocante á incorporación da perspectiva de xénero na análise e na intervención educativa atendendo ás relacións entre escola, familia e comunidade/sociedade, queremos salientar aquí os contidos da materia Acción Titorial: Relacións entre Escola, Familia e Comunidade, coordinada pola profesora Marina Elías Andreu no grao de Mestre/a en Educación Primaria⁴; e coordinada pola profesora Berta Palou Julian no grao de Mestre/a en Educación infantil⁵. En dous dos bloques temáticos desta materia incorpórase de forma explícita a perspectiva de xénero:

2. Transformacións das estruturas familiares

- 2.1. Estrutura social de Cataluña. Aspectos demográficos e sociais. Prácticas educativas nas sociedades occidentais
- 2.2. Historia da infancia e a familia
- 2.3. Modelos familiares. Cambios na estrutura, nas relacións e nos estilos de vida. Expectativas educativas e sociais das familias

⁴ <https://bit.ly/2PyxzZZ>.

⁵ <https://bit.ly/35dc4nQ>.

2.4. Cambios nas funcións da familia e dos sistemas familiares.
Novas relacións familiares, novas necesidades educativas

3. Desigualdade, pobreza e exclusión

3.1. Desigualdade, pobreza e exclusión. Clase social, etnia e xénero

3.2. Infancia e familia en risco social, circuitos de protección. Os malos tratos no ámbito familiar e social

3.3. Traballo educativo na rede. Redes educativas locais: plan de contorna, proxectos educativos de cidade etc.

3.4. Participación e acción colectiva

Na práctica destas materias, hai diferentes estratexias que permiten despregar estes bloques temáticos para incorporar a perspectiva de xénero nos estudos de educación infantil e primaria:

- a) Incorporar datos desagregados por sexo-xénero e/ou a análise interseccional na explicación da estrutura social e das desigualdades, a pobreza e a exclusión.
- b) Contextualizar a historia das nenas na infancia e os roles de xénero na familia e na escola.
- c) Analizar as diferentes representacións das familias nos discursos públicos e tamén desde unha perspectiva autobiográfica (persoal e colectiva).
- d) Poñer exemplos da diversidade de modelos e os novos modelos de familia: homoparentais, monoparentais, reconstituídas etc.
- e) Estudar a distribución dos traballos de coidado, acompañamento e educación nas familias e na escola.
- f) Sensibilizar sobre e previr a violencia de xénero e os malos tratos no ámbito familiar e social.
- g) Abordar a resolución de casos para a acción titorial desde unha perspectiva de xénero e da diversidade sexual e afectiva.
- h) Estender estas estratexias para introducir a perspectiva de xénero noutros bloques de contido: políticas familiares e educativas, acción titorial na escola e relacións interpersoais (entre titor/a e alumnado, e entre titor/a e familia).

ESTUDOS DE GRAO DE PEDAGOXÍA

Exemplo 3. Reconstruír para visibilizar a educación das mulleres mediante fontes orais e metodoloxías feministas de investigación**Grao en Pedagogía**

Historia da Educación das Mulleres (UV, 4.º, OP, 4,5 ECTS)

Na guía docente desta materia afírmase que se persegue «facer visibles as mulleres na historia da educación, nun intento de reescritura non androcéntrica que analiza como a variable xénero acondicionou espazos, actividades, organizacións, currículos e mesmo o acceso das mulleres aos diversos niveis educativos»⁶. A inclusión da perspectiva de xénero implica recuperar e visibilizar a historia da educación das mulleres, que non debería quedar só reflectida nunha materia optativa, xa que permite compensar os nesgos de xénero nas materias de historia e teorías da educación presentes en todos os graos de Educación e Pedagogía.

Para Carmen Agulló, que imparte a materia, os nesgos de xénero concréntanse, por exemplo, no descoñecemento de aspectos básicos da historia da educación, como a Sofía de Rousseau ou o Plan de educación pública igualitaria de Condorcet. A visibilización das mestras, pedagogas e historiadoras tamén é clave nesta materia. En relación coas actividades de aula e os traballos, esta profesora destaca a importancia de promover o estudo e a investigación con fontes orais e a realización de historias de vida, que o estudantado leva a cabo con base en entrevistas ás avoas e ás nais para reconstruír, a través da memoria, as experiencias vividas e os seus contextos educativos⁷. Varios/as autores/as coinciden en que:

- a) a historia oral e a historia das mulleres están entrelazadas na estratexia de recuperación da memoria das mulleres, para reescribilas

⁶ <https://bit.ly/38qmMJP>.

⁷ Segundo Carmen Agulló existen ou existiron outras experiencias similares da man de expertos/as na Universidade de Granada, con Pilar Bellarín Robles; a Universidade de Málaga, con Isabel Grana Gil; a Universidade de Sevilla, con Consuelo Flecha García; e a Universidade Rovira i Virgili, con Isabel Miró Montoliu.

- como suxeitos activos, coas súas vidas e formas de resistencia (Nash e Tavera, 2003);
- b) estudar a historia da educación con fontes orais posibilita abordar as marxes da educación e comprender as mulleres como suxeitos sociohistóricos, reivindicar o papel da experiencia e do recordo, e establecer, así mesmo, vínculos interxeracionais na produción de coñecemento científico (Jiménez, 2009);
 - c) a relación pedagóxica tamén se transforma coa interpretación da experiencia dos suxeitos a partir da entrevista, en que a construción do relato implica a comprensión da outra e se concibe como unha forma de escoita radical (Rivas *et al.*, 2012, seguindo a Kincheloe).

En resumo, unha proposta para transformar os saberes e as metodoloxías de investigación na historia da educación desde unha perspectiva de xénero é a que promove a visibilización das identidades subalternas coa construción de relatos alternativos que traian ao primeiro plano as historias das comunidades minoritarias, mediante a recuperación da memoria, a indagación narrativa, a investigación autobiográfica e a conversa. Estas estratexias promoven as pedagogías emancipadoras e feministas.

ESTUDOS DE GRAO DE EDUCACIÓN SOCIAL

Exemplo 4. A construción de novas identidades profesionais *queer* na acción de educadores/as sociais

Grao de Educación Social

Reflexión e Acción na Práctica Educativa (UdG, 24 créditos):

A Práctica Socio-Educativa: Relación, Comunicación e Intervención (3.º, OB, 12 créditos)

Practicum I (3.º, OB, 12 créditos)

A finais dos noventa, os datos desagregados por sexo mostraban diferenzas de xénero no exercicio profesional dos/as educadores sociais (Cacho, 1998): había unha proporción máis elevada de homes cursando estudos (respecto do total do seu xénero); as educadoras traballaban máis en empresas privadas, mentres que os homes o facían no sector público,

e o seu soldo era inferior; os homes tiñan un maior coñecemento das asociacións de educación e buscaban un recoñecemento social e académico.

Nos perfís profesionais tamén se aprecian diferenzas: «Os ámbitos profesionais con maior presenza feminina de educadores/as son: persoas maiores, adultas e discapacitadas. Nos de nenos/as e adolescentes e a animación sociocultural hai unha maior proporción de homes» (Cacho, 1998: 97). Atendendo á correspondencia entre formación, profesionalización e precarización no sistema sexo-xénero, hai distincións importantes no traballo dos/as educadores, que afectan á valoración da profesión, o sentido da intervención educativa e a pertenza ó colectivo.

Esta análise crítica complementábase coa teoría *queer* (Talbut e Steinberg, 2005; Pié 2009a e 2009b), que comprende un cambio de ollada, para problematizar a acción e as categorías que normalizan corpos, identidades, sexualidades, aprendizaxes e relacións:

O traballo de Kumashiro (2002), *Troubling Education: Queer Activism and Antioppressive Pedagogy*, na liña de Freire e Butler, sintetiza moi ben esta proposta, en que se destaca que educar non é conformarse e aprender o que vén dado, senón subverter, romper coa visión dada do mundo, transformar, resistir, subverter. Igual que Kumashiro, fago un chamamento para que a educación non se traduza en aprender a linguaxe, a historia e as concepcións dos grupos dominantes. Os/as educadores/as temos que animar o noso estudantado a problematizar o que se asume como natural. Fronte ás actitudes pasivas, submisas, bancarias, debemos alentalo a adoptar unha actitude activa, alimentando a súa paixón polo cambio; unha actitude que, superando o puro verbalismo, nos poña sobre o camiño para alcanzar novas realidades máis xustas para todos e todas (Carrera, 2013: 8).

As seguintes cuestións poden guiar a reflexión durante as fases de observación e intervención socioeducativa:

- a) Como intervenir na acción socioeducativa para desetiquetar as identidades e os corpos normalizados (mocidade, presos/as, nenos/as, mulleres, inmigrantes, pobres, homosexuais, discapacitados/as etc.)?

- b) Cal é a conexión entre aprendizaxes, potenciación e comunicación nos nosos proxectos? Que espazos e tempo favorecemos para a creación de axencia?⁸
- c) Como podemos construír unha identidade profesional como educadores/as sociais receptiva á transformación desde as pedagogías emancipadoras do xénero, as identidades e as sexualidades?

ESTUDOS DE MÁSTER DE FORMACIÓN DO PROFESORADO DE SECUNDARIA E FORMACIÓN COMPLEMENTARIA

Exemplo 5. Aprender, interaccionar e converterse nun/nunha mesmo/a nas relacións pedagóxicas e nas relacións afectivo-sexuais

Máster de Formación do Profesorado de Secundaria

Obradoiro de Xénero e Educación (dúas sesións, UAB)

Os contidos didáctico-disciplinarios e psicosociopedagóxicos do máster terían que integrar a perspectiva de xénero nas súas formulacións. Na UAB realizouse un obradoiro de Xénero e Educación para o futuro profesorado de secundaria, cunha sesión teórico-práctica (con conceptos, perspectivas, datos, recursos e exemplos). Neste subtema, os principais retos dos/as profesionais na educación secundaria son:

- a) promover unha aprendizaxe das relacións pedagóxicas na aula e da participación en clave de xénero na adolescencia;
- b) comprender os coñecementos e a cultura popular que proveñen da literatura, do cinema, da publicidade e da música, como textos de xénero que poden ser reprodutores dos mitos do amor romántico ou resistentes a eles;
- c) e combater o ciberacoso ou o acoso a través das redes sociais entre a mocidade.

⁸ A creación de axencia ou o «axenciamento» é o proceso a través do cal se capacita as persoas para pensar por si mesmas de forma crítica e transformar coas súas accións as prácticas hexemónicas do sistema.

Ademais de coñecer materiais e recursos existentes, as actividades prácticas terían que formar os/as futuros/as profesionais para deseñar metodoloxías e dinámicas propias:

a) Metodoloxías e dinámicas para analizar as relacións afectivo-sexuais e prever as relacións abusivas entre a mocidade

No marco do programa *Querer non manca (Estimar no fa mal)*⁹, dirixido á mocidade de entre 10-19 anos, o Instituto Catalán das Mulleres elaborou unha guía de materiais destinada a profesionais da docencia¹⁰ para previren as relacións abusivas e as violencias machistas no ámbito da parella, que inclúe varias dinámicas para realizar con grupos de mozos/as; tamén claves para identificar o ciberacoso nas relacións afectivas. Na sección de recursos docentes (webgrafía) recolleemos varias ligazóns a entidades que deseñaron materiais educativos para prever e combater as violencias de xénero.

b) Metodoloxías e dinámicas para promover a construción de identidades e as relacións de xénero entre os/as mozas desde a pedagogía performativa

Cómpre nomear e definir a identidade de xénero, a transexualidade e a intersexualidade, para transformar a linguaxe das identidades e as relacións prefixadas na aula (Coll-Planas e Missé, 2010; Galofré e Missé, 2015). A cultura visual popular abre un espazo para a construción de identidades que sexan sensibles á diversidade de xénero, a formas de amar e orientacións sexuais diversas. O repertorio de posibilidades é bastante extenso, tanto se nos fixamos, por exemplo, nas series de televisión (*Transparent*, Amazon Studios; *Merlí*, TV3; *Sense8*, Netflix); como se o facemos nos cómics (*Dykes to watch out for*; *The Surface* d'Ales Kot; *Wandering son*, de Shimura Takako).

⁹ <https://bit.ly/36iYAXU>.

¹⁰ <https://bit.ly/38rLCZU>.

Métodos docentes

Desde as pedagogías feministas decoloniais, Martínez (2015: 167) resume da seguinte forma as principais estratexias que traballan para o apoderamento das persoas e buscan crear prácticas de liberdade a través da educación crítica:

- a) Inclusión das diferenzas.
- b) Visibilización das formas de desigualdade e das imposicións do patriarcado.
- c) Coñecemento dos espazos, saberes e experiencias das diferentes mulleres, desde distintos enfoques, para facilitar os procesos de apoderamento individual e colectivos.
- d) Participación comunitaria activa en equidade.
- e) Horizontalidade e transversalidade nas intervencións.
- f) Xeración de capacidade de autocrítica, de toma de conciencia individual e colectiva.
- g) Divulgación e explicación da historia, da cultura, dos saberes etc. desde un punto de vista feminista e intercultural, co obxecto de descubrir o valor de coñecementos ocultos e non só dos dominantes e globalizadores.
- h) Énfase no fomento da rede de mulleres a prol dun modelo social baseado no ben común, no apoio mutuo ás persoas, en redes solidarias e de tecido cidadán.

Desde as pedagogías feministas e *queer*, Rifà (2014: 144), seguindo a Britzman, resumiu os seguintes retos para a educación e o currículo que teñen unha implicación directa nos métodos docentes na aula:

- a) Expor a complexidade, a reflexividade e situar os afectos e as sexualidades diversas no centro do currículo e da práctica educativa.
- b) Romper cos límites fortes, de tipo organizativo e institucional, na escola; e tamén cos límites fortes que impoñemos ao coñecemento que se aprende e se ensina na aula.
- c) Tomar conciencia das micropolíticas da identidade, da diversidade sexual e das formas de relación.

- d) Promover a creación de límites febles, que borran as fronteiras entre os corpos, as identidades, as sexualidades e os coñecementos.
- e) Reivindicar a aprendizaxe de coñecementos máis ligados á vida cotiá das persoas e ás súas vidas, as súas biografías e os seus desexos.
- f) Cambiar a xestión do tempo e dos espazos para que sexan máis fluídos.
- g) Traballar con outras formas de representación, cuestionando as tecnoloxías e medios de representación hexemónicos para substituílos por opcións que permitan visualizar a diversidade.
- h) Comprender o currículo como un espazo onde dialogan os desexos, as sexualidades, os corpos e as diversas identidades.
- i) Desprazarnos das marxas cara ao centro, para situar as identidades subalternas: as historias de vida de mulleres, nenos/as, xente maior, lesbianas, inmigrantes etc.

Modalidades organizativas das dinámicas docentes

Pola súa parte, inspirados en Izquierdo (2008), Mora e Pujal (2014) construíron un modelo que é útil para reflexionar sobre a tipoloxía de actividades formativas que propoñemos na aula e as súas implicacións desde a orientación cara á provisión e o coidado. Sosteen que é precisamente nas actividades formativas «onde acabamos incidindo nos modelos de relación e acción co alumnado» (Mora e Pujal, 2014: 123). Coa orientación ao coidado, a relación social baséase na satisfacción de necesidades entre as persoas como finalidade; mentres que coa orientación á provisión se pretende a obtención de obxectivos ou finalidades concretas, e aquí instrumentalízanse as relacións. Para Mora e Pujal (2014), con base en Boltanski en estudos precedentes do seu propio grupo de investigación, as actividades formativas pódense clasificar en catro tipoloxías, para cada unha das cales achegamos un exemplo do ámbito da educación (adaptado de Mora e Pujal, 2014: 120):

a) Provisión centrada na equivalencia entre persoas e cousas/Coidado centrado nas cousas en función das persoas

Actividades dirixidas: clases maxistras participativas e seminarios de lecturas.

Métodos: exposición participativa, con preguntas e exercicios, chuvia de ideas ao comezo dun tema e debates na clase.

Ámbito da educación: desmontar os prexuízos e os estereotipos, convidando o estudantado a facer unha posta en común sobre o funcionamento do currículo oculto de acordo coa súa experiencia, como paso previo para tratar o sexismo como tema e revelar como funciona.

b) Provisión centrada na equivalencia entre persoas e cousas/Coidado centrado nas cousas en función das persoas/Coidado centrado nas persoas

Actividades dirixidas: estudo exploratorio.

Métodos: investigación a partir de fontes secundarias e presentacións orais.

Ámbito da educación: presentacións orais para compartir a análise de materiais educativos dirixidos a un contexto e grupo específico desde unha perspectiva de xénero.

c) Coidado centrado nas cousas en función das persoas/Coidado centrado nas persoas

Actividades supervisadas: titorías.

Métodos: reunións individuais ou en grupos reducidos para resolver dúbidas e ofrecer retroalimentación.

Ámbito da educación: seguimento das prácticas nos centros e as entidades educativas, tendo en conta os nesgos de xénero nas relacións interpersoais e de aprendizaxe, tanto canto á participación no grupo reducido como nas prácticas (observación, deseño de propostas, intervención e avaliación).

d) Provisión centrada nas cousas/Provisión centrada na equivalencia entre persoas e cousas

Actividades de avaliación: proba escrita.

Métodos: exame.

Ámbito da educación: a incorporación da perspectiva de xénero realízase a través da inclusión de preguntas sobre temas, conceptos e autoras que rompen co androcentrismo e coa prevalencia do universo masculino no coñecemento.

O grao de interacción é crucial para cada unha das diferentes tipoloxías de actividades formativas e é unha elección a través da cal se articula a orientación cara ao coidado ou a provisión que adquiren.

Deixando de lado que algunhas destas actividades formativas son máis sensibles ao xénero, desde a perspectiva metodolóxica —especialmente porque no ámbito da educación traballamos coas persoas— consideramos que se pode incorporar esta perspectiva en todas as tipoloxías expostas. Sobre todo, queremos poñer de relevo que é fundamental que o profesorado universitario atenda aos nesgos de xénero na interacción, a participación e a escoita na aula, e que busque estratexias para promover a participación equilibrada de mulleres e mozos/as. Mora e Pujal (2014) tamén aplicaron esta análise aos diferentes instrumentos de avaliación, por se se quere ampliar esta información.

Avaliación das materias

Dunha banda, existen estudos que demostran que as profesoras reciben, de maneira sistemática, avaliacións máis baixas que os profesores, un fenómeno que se dá tanto entre os/as mozos/as como entre o estudantado (Boring, 2014; Boring, Ottoboni e Stark, 2016; Mengel, Sauermann e Zölitz, 2016). As universidades e as escolas deberían compensar os nesgos de xénero na avaliación, revisar os instrumentos empregados, analizar as representacións que están a mediar nas respostas dos/as estudantes e, sobre todo, ir con coidado no tocante ao uso e as implicacións que teñen os resultados destas enquisas, por exemplo, na promoción do profesorado. As enquisas de satisfacción do estudantado deberían repensarse desde esta perspectiva e incluír preguntas ou comentarios que conduzan a reflexionar sobre os posibles prexuízos de xénero nas respostas. Ademais, pódense implementar outras ferramentas que apostan por un modelo de

avaliación democrática e participativa, como autorreflexións, entrevistas, observacións e portafolios que teñan en conta a diversidade.

Da outra, os datos desagregados por sexo tamén nos proporcionan información sobre as avaliacións do alumnado. A miúdo, cando se trata de valorar o traballo daqueles/as estudantes que son candidatos/as a recibir un premio (nos TFG ou premios extraordinarios de grao), non se mantén a proporcionalidade desde unha perspectiva de xénero. Aquí cabe preguntarnos de novo se avaliamos igual o traballo dun mozo e dunha moza, ou se as nosas percepcións interveñen nos procesos de avaliación e cualificación. No caso das facultades de Educación, este fenómeno é aínda máis flagrante, dado que os mozos son unha minoría no conxunto dos estudos. Por tanto, parece que necesitamos tomar medidas para evitar tamén o sexismo na avaliación e considerar como nos afecta a feminización dos estudos neste nivel, recollendo os datos desagregados por sexo e analizando se existen discriminacións.

Ambas as dimensións, a avaliación do profesorado e a avaliación do alumnado, configuran competencias, coñecementos e habilidades que os/as futuros educadores/as deberán adquirir ao longo da súa formación inicial, xunto coas estratexias e os modelos para avaliar a organización de centros, proxectos e materiais curriculares, entre outros aspectos. En todos os casos, convidamos a reflexionar sobre o impacto de xénero nas propostas, políticas e prácticas do ámbito da educación e a incluír a devandita reflexión nos informes. Ademais, unha formación inicial dos/as educadores/as sensible ao xénero, repercutirá na mellora da formación e na avaliación nos ámbitos de actuación profesional onde hai persoas implicadas, xa sexa porque o desenvolvemento profesional se leva a cabo na interacción con nenos/as, mozos/as ou adultos/as.

Nesta sección, centrámonos na avaliación do alumnado, e, por este motivo, a continuación resumimos algunhas estratexias que podemos ter en conta durante o deseño e a implementación de actividades de avaliación das materias dos graos e másteres de Educación. As seguintes estratexias son sensibles ao xénero e multiplican as ferramentas que temos para a ava-

liación, promoven a participación e a toma de conciencia do alumnado, e teñen en conta a diversidade:

- a) Avaliación cega: cando estamos ante probas, exames ou traballos, é conveniente buscar mecanismos para anonimizar o proceso de corrección.
- b) Non hai que confundir a cualificación coa avaliación. A retroalimentación ou reflexión sobre as aprendizaxes alcanzadas e unha avaliación cualitativa permiten incorporar cambios nos procesos de estudo e sentirse acompañado/a.
- c) Aínda que as estudantes participan menos nas clases, tamén adoitán solicitar máis titorías ou seguimentos para aclarar dúbidas e mellorar o seu rendemento. Este é un elemento que cómpre considerar cando avaliamos.
- d) A combinación de métodos de avaliación, a avaliación continua e a avaliación formativa favorecen a toma de conciencia sobre os procesos de aprendizaxe, lonxe da avaliación final, que só é un rendemento de contas.
- e) A autoavaliación permite traballar aspectos relacionados co autocoñecemento, coa autovaloración e coa capacidade de autocrítica.
- f) A inscrición da propia biografía e os relatos en primeira persoa sobre as aprendizaxes son reveladores de dinámicas que a miúdo quedan invisibilizadas.
- g) Pódense promover actividades de coavaliación ou avaliación entre iguais para que o alumnado sexa responsable da avaliación da aprendizaxe, e analizar os resultados desde unha perspectiva de xénero.
- h) Ademais de non esquecer o equilibrio de xénero nos grupos, podemos fixar fórmulas de devolución e comentarios en pequenos grupos ou individualmente para promover o intercambio e a participación.

- i) Debemos revisar como se elixen os/as portavoces dos grupos, se responde a unha división do traballo desde unha perspectiva de xénero; tamén podemos establecer mecanismos de rotación.
- j) A elaboración de rúbricas debería incorporar o sentido do xénero na aprendizaxe e o logro dos coñecementos sobre o funcionamento do sexismo e o androcentrismo na educación.
- k) Os diarios de clase e das prácticas permiten expoñer e avaliar o sentido do xénero nos relatos sobre a educación das persoas.
- l) Podemos explicitar a atención á diversidade e a inclusión do xénero como criterio de avaliación.
- m) A avaliación mediante cartafoles de aprendizaxe tamén permite reconstruír aprendizaxes a partir da busca de evidencias que convidan á reflexión sobre o proceso levado a cabo, así como establecer uns obxectivos propios para o percorrido pola materia.

•• 05. Recursos docentes

Linguaxe sensible ao xénero en educación

- LLEDÓ, Eulàlia (2008). *Guía de lenguaje para el ámbito educativo*. Biscaia: Emakunde. <https://bit.ly/2Eg1HDX>.
- FERRER, Cristina; MATEU, Joana; Pons, Maria; BARCELÓ, Catalina; PONT, Catalina e ROIG, Miquela (2006). *Llenguatge per a la igualtat a l'educació*. Illas Balears: Instituto Balear da Muller. <https://bit.ly/36vIYAn>.

Coeducación e formación do profesorado

- GENERALITAT DE CATALUÑA. Plan para a igualdade de xénero no sistema educativo. <https://bit.ly/35kfOE7>.
- GENERALITAT DE CATALUÑA. Coeducación e igualdade de xénero (recursos, experiencias, formación, normativa, bibliografía). <https://bit.ly/2PU8Xer>.
- GUERRERO, Elizabeth; HURTADO, Victoria; AZUA, Ximena e PROVOSTE, Patricia (2011). *Material de apoio con perspectiva de género para formadores y formadoras*. <https://bit.ly/2YGOxtg>.
- INSTITUTO DA MULLER (2008). *Guía de coeducación. Síntesis sobre la educación para la igualdad de oportunidades entre mujeres y hombres*. Madrid: Instituto da Muller. <https://bit.ly/34dAhJH>.
- Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades. Educación (programas, materias didácticos, estudos e seminarios e encontros). <https://bit.ly/35t4F4h>.
- MORENO, María Antonia (2007). *Coeducamos. Sensibilización y formación del profesorado. Analizar el sexismo es un paso hacia una sociedad más justa*. <https://bit.ly/2RPII>.
- SUBIRATS, Marina (2010). *La coeducación hoy: Los objetivos pendientes*. <https://bit.ly/35ivAiN>.
- UNICEF. Recursos das organizacións: xénero e educación. <https://uni.cf/2rH78cx>.

UNIVERSIDADE DE ALACANTE. Recursos docentes con perspectiva de xénero na docencia universitaria. <https://bit.ly/2PHMCAA>.

Exemplos de datos desagregados por sexo e análise sensible ao xénero

EGERA, Effective Gender Equality in Research and the Academia
<https://bit.ly/2Rjk38u>
 Gender Equality Index
<https://bit.ly/2YLly7B>
 Gendered Innovations in Science, Health & Medicine, Engineering, and Environment
<https://stanford.io/2rHo8PS>
 Observatorio da Igualdade da Universidade Rovira i Virgili
<https://bit.ly/35hfxln>
 Observatorio para a Igualdade da Universidade Autónoma de Barcelona
<https://bit.ly/2YK4wGR>
 OECD, Gender data portal
<https://bit.ly/2LRoMkK>

Propostas para traballar a igualdade de xénero na aula

BEVER, Sarah. *Creating Supportive Learning Environments for Girls and Boys: A Guide for Educators*. EUA: IREX. <https://bit.ly/2YJXmLR>.
 CONCELLO DE BARCELONA. Recursos pedagóxicos en liña para a igualdade. <https://bit.ly/2LOTcua>.
 CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA DO PRINCIPADO DE ASTURIAS (2001). *Coeducación. Guía de recursos*. <https://bit.ly/2YUbcv>.
 FUNDACIÓN ISONOMÍA (s. d.). *Igualtat en ruta. Recursos coeducatius*. <https://bit.ly/2Edd9Aj>.
 Gender and Education Association (fontes: pedagogías). <https://bit.ly/2PFwoJI>
 INSTITUTO CATALÁN DAS MULLERES. *Coeducación*. <https://bit.ly/2EeR7gx>.

ROSET, Montserrat; PAGÈS, Eugènia; LOJO, Mirta e CORTADA, Esther (2008). *Guia de coeducació per als centres educatius: pautes de reflexió i recursos per a l'elaboració d'un projecte de centre*. Barcelona: Instituto Catalán das Mulleres. <https://bit.ly/2YJuxpP>.

Materiais visuais sensíbeis ao xénero

Center for Women's Global Leadership Poster Portal
<https://bit.ly/36CQI3T>
 Drac màgic. Cultura audiovisual
<https://bit.ly/2RYZGo3>
 British Library, Feminist Visual Arts
<https://bit.ly/2LRBIHk>
 List of feminist comicbooks, Wikipedia
<https://bit.ly/2EdptR5>
 Picara online magazine, cine
<https://bit.ly/2EdqmsT>
 Sens critique, filmes feministas
<https://bit.ly/2YIqAln>
 8 Photographers that Know Gender and Identity are a Drag
<https://bit.ly/35imyTh>
 Tribuna Feminista, series feministas
<https://bit.ly/3oFGHdf>

•• 06. Ensinar a facer buscas sensibles ao xénero

Dado que podemos atopar diferentes guías e recursos para aprender a integrar a perspectiva de xénero na investigación¹¹, nesta sección proporcionamos dous exemplos prácticos que se contextualizan no marco da realización de TFG e TFM na área de educación. Consideramos que estes exemplos facilitan estratexias e ferramentas que poden adaptarse a outros traballos de investigación que se leven a cabo nos diferentes graos e másteres deste ámbito.

Exemplo 1. Avaliación dun TFG do grao de Pedagogía para optar ao Premio ao Mellor Traballo de Fin de Grao con Perspectiva de Xénero

GRAO EN PEDAGOXÍA

Traballo Final de Grao (4.º curso, 12 ECTS, UAB)

No proceso para valorar os traballos que optan ao Premio ao Mellor Traballo de Fin de Grao con Perspectiva de Xénero da titulación, que outorgan conxuntamente o Observatorio para a Igualdade da UAB e o Instituto Catalán das Mulleres, proporciónase unha pauta que ten en conta as diferentes dimensións da procura e da innovación educativa¹². Deseguida desenvólvese esta rúbrica e compártense as observacións realizadas para valorar un dos TFG premiados do grao de Pedagogía (curso 2016-17). Non se considerou necesario compartir a puntuación obtida, senón explicar o proceso de valoración, que ten en conta varias dimensións para incorporar a perspectiva de xénero nos TFG.

Título do TFG: *(Des)facendo. O fomento do cambio de actitudes e condutas machistas ou froito do machismo mediante o grupo educativo [(Des) fent. El foment del canvi d'actituds i conductes masculistes o fruit del masculisme mitjançant el grup educatiu]*

Autoría: Carolina Pérez

Titora: María del Mar Durán

¹¹ <https://bit.ly/349xxgc>.

¹² <https://bit.ly/2rzTAiY>.

- a) **Adecuación da metodoloxía e do plan de traballo aos obxectivos establecidos.** O traballo está ben fundamentado teórica e metodoloxicamente, e mostra rigor no seu desenvolvemento e a súa execución. Achega un estado da cuestión e relaciona a teoría de grupos e os cambios de actitudes coa reprodución do patriarcado, para xustificar a necesidade de previr actitudes e condutas machistas na adolescencia coa intervención educativa.
- b) **Coherencia e rigor metodolóxico.** Como proposta educativa e innovadora para abordar as relacións de poder de xénero entre as persoas mozas, fornece unha planificación das actividades e das sesións que pode ser de referencia para futuras prácticas educativas e que se avalían na práctica, que afrontan, por exemplo, os mitos do amor romántico entre a mocidade e o ciberacoso, entre outros aspectos.
- c) **Marco teórico empregado.** O traballo centra moi ben as formas de dominación e violencia froito da sociedade patriarcal e como é posible formar os/as mozo/as na conciencia crítica para transformar as relacións abusivas e non saudables.
- d) **Novidade e orixinalidade do tema.** O deseño e as fases do traballo están ben establecidas e a recollida de datos, amais de resultar sistemática, demostra capacidade de análise e reflexión. Proporcionanse ferramentas para a recollida de datos durante a implementación das actividades, como o uso do diario.
- e) **Impacto das achegas no ámbito dos estudos de xénero e na súa propia disciplina. Resultados e conclusións.** Este traballo é un exemplo de boa práctica dentro dos TFG e das intervencións educativas na educación secundaria, e coa súa publicación pode servir de referencia para os/as educadores/as en formación e en servizo.
- f) **Uso non sexista ou androcéntrico da linguaxe.** Utilízase unha linguaxe non sexista seguindo a guía publicada pola propia universidade.
- g) **Aplicación da perspectiva de xénero no enfoque do tema e o seu desenvolvemento.** Recoméndase explotar as evidencias do diario e as narracións dos/as propios/as mozos/as no futuro sobre as acti-

vidades, e non se consideran tan significativos os datos que emerxen dos cuestionarios (pre e postest).

Exemplo 2. Formarse como investigador/a en educación a partir de incorporar a perspectiva de xénero nos TFM

MÁSTER DE INVESTIGACIÓN EN EDUCACIÓN

Módulo: Cartografías de Xénero. Transicións e Identidades na Procura (transversal, 6 ECTS, UAB)¹³

Este módulo está impartido por profesorado de diferentes departamentos da Facultade de Ciencias da Educación (Marina Tomás, Georgeta Ion, Marta Bertran e Montse Rifà) e deita unha ollada transdisciplinaria cara aos problemas, as epistemoloxías e as metodoloxías da investigación en educación desde unha perspectiva feminista interseccional. Céntrase na investigación sobre a formación das identidades e as comunidades con grupos sociais minoritarios, con atención á análise do sistema sexo-xénero nas dinámicas de inclusión e exclusión, en diálogo coa construción do/a outro/a. Os bloques de contidos están estruturados da seguinte maneira:

1. Cartografías feministas, poscoloniais e críticas para a investigación en educación (fundamentación teórica e metodolóxica)
2. Xénero, identidades e diferenza nas prácticas educativas e culturais
3. Políticas, institucións e cultura de xénero

Ofrécese a todo o estudiantado do Máster de Investigación en Educación con especialidade en pedagogía e didácticas específicas. A guía docente recolle 14 resultados de aprendizaxe, entre os cales se atopan estes:

(4) Coñecer as achegas da investigación en educación ao campo dos estudos de xénero, os estudos poscoloniais e a teoría crítica.

(7) Diseñar estratexias de recollida de información no marco das investigacións sobre xénero e identidades.

¹³ <https://bit.ly/2PaCbX5>.

(11) Integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información incompleta ou limitada que inclúan reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos coñecementos e xuízos propios.

Co traballo principal do módulo propónse que o alumnado aprenda a integrar a perspectiva de xénero na pescuda, repensando e reflexionando sobre os seus TFM, calquera que for a súa área de coñecemento. O traballo de módulo consiste en analizar e xustificar de que maneira pode introducirse a perspectiva de xénero na investigación do TFM, que constará das seguintes partes:

- a) Unha procura bibliográfica sobre o tema escollido e xénero para elaborar un marco teórico sobre cal é o estado da cuestión do seu tema en clave de xénero e expoñer os conceptos importantes.
- b) Seguidamente lévase a cabo unha proposta xustificada de cales son as modificacións que se poden facer na formulación da investigación para incorporar a perspectiva de xénero, por exemplo, en cuestións conceptuais e teóricas, metodolóxicas, de recollida, de análise de datos etc.
- c) Reflexións e conclusións.
- d) Bibliografía utilizada.

O procedemento que cómpre seguir é este:

- a) Primeira entrega: título e tema do TFM e procura bibliográfica feita con 3-6 entradas.
- b) Segunda entrega: esquema ou guión das modificacións que poden realizarse no TFM para introducir unha perspectiva de xénero.
- c) Entrega do traballo final. O traballo é individual e ten unhas 10-15 páxinas.

Criterios de valoración:

- a) Adecuación da bibliografía escollida e xustificación de criterios de selección.
- b) Competencia analítico-reflexiva na elaboración do marco teórico.
- c) Competencia de análise e inferencia de ideas a partir da revisión da investigación.

•• 07. Ferramentas de consulta

Webgrafía

- Cooperativa de acción comunitaria e feminista Candela, recursos <https://bit.ly/2YG12oG>
- Cooperativa Coeducació <https://bit.ly/2shfrf4>
- FEMINARIO DE ALACANTE (2002). *Elementos para una educación no sexista. Guía didáctica de la coeducación.* <https://bit.ly/347wfcw>.
- GAUNTLETT, David (1998). *Judith Butler.* <https://bit.ly/38uoWVP>.
- Nordic Research on Gender in Teacher Education, vocabulario <https://bit.ly/2Ecx4iJ>
- GRANT, Carl e ZWIER, Elisabeth (2012). «Intersectionality and education», en BANKS, James A. (ed.), *Encyclopedia of Diversity in Education* (1263-1271). Thousand Oaks, CA: SAGE Publications.
- LEO-RHYNIE, Elsa (1999). *Gender Mainstreaming in Education. A Reference Manual for Governments and Other Stakeholders.* Kent, UK: Commonwealth Secretariat.
- OBSERVATORIO PARA A IGUALDADE (2017a). *Guia per a la Introducció de la Perspectiva de Gènere en la Docència de l'Observatori.* Bellaterra: Universidade Autònoma de Barcelona.
- Seminari Interdisciplinar de Metodologia de Recerca Feminista <https://bit.ly/2Eg1Wk6>
- Stanford Encyclopedia of Philosophy, Feminist Perspectives on Sex and Gender <https://stanford.io/35fEaiy>
- UGT-FETE e INSTITUTO DA MULLER (s. d.). *Diccionario online de coeducación. Educando en Igualdad.* <https://bit.ly/2rHS12z>.
- UNESCO e IICBA (2012). *Gender Mainstreaming in Teacher Education Policy. A Training Module.* <https://bit.ly/2qGyLSq>.
- Web de Gaby Weiner, Gender and Education <https://bit.ly/36tSZOM>

Bibliografía de referencia

- ACKER, Sandra (1994). *Género y educación. Reflexiones sociológicas sobre mujeres, feminismo y enseñanza*. Madrid: Narcea.
- ANGUITA, Rocío (2011). «El reto de la formación del profesorado para la igualdad». *Revista Electrónica Interuniversitaria de Formación del Profesorado*, 14(1): 43-51.
- ARNOT, Madeleine e MAC AN GHAILLM, Mairtin (eds.) (2006). *The RoutledgeFalmer Reader in Gender and Education*. Oxon: Routledge.
- AZORIN, Cecilia María (2014). «Actitudes del profesorado hacia la coeducación, claves para una educación inclusiva». *Ensayos* 29(2): 159-174.
- BANK, Barbara (ed.) (2011). *Gender and Higher Education*. Baltimore: John Hopkins University Press.
- BELAUSTEGUIGOITIA, Marisa e MINGO, Araceli (eds.) (1999). *Géneros prófugos. feminismo y educación*. México: Universidade Nacional Autónoma de México.
- BLANCO, Nieves (coord.) (2001). *Educación en femenino y en masculino*. Madrid: Akal.
- BOLAÑOS, Lucy Mar e JIMÉNEZ, Rocío (1996). «La formación del profesorado en género». *Revista de Investigación Educativa*, 25(1): 77-98.
- BROWN, Babette (2010). *Desaprender la discriminación en Educación Infantil*. Madrid: Morata.
- CACHO, Xavier (1998). *L'educadora i l'educador social a Catalunya*. Barcelona: Associació Professional d'Educadors Socials de Catalunya.
- CARRERA, María Victoria (2013). «Educando queer: el educador/a social como agente de subversión de género en la escuela». *Revista Iberoamericana de Educación*, 61(2): 2-12.
- CASTELLSAGUÉ, Alba; MENA, María; RIFÀ, Montserrat e PUJAL, Margot (2014). «Introduciendo la transversalidad de la perspectiva de género en nuevos formatos docentes», en UNIDADE DE IGUALDADE, *III Xornada en Xénero. Docencia e Investigación* (57-75). Vigo: Universidade de Vigo.

- COBO, Rosa (ed.) (2007). *Interculturalidad, feminismo y educación*. Madrid: La Catarata.
- CODINA, Pilar; CORTADA, Esther e ROSET, Montserrat (coords.) (1994). *Educació no sexista. Experiències educatives*. Barcelona: Graó.
- ESSOMBA, Miquel A. (2007). *Coeducación y prevención temprana de la violencia de género*. Madrid: Ministerio de Educación e Ciencia.
- GARCÍA-PÉREZ, Rafael; BUZÓN, Olga; PIEDRA, Joaquín e QUIÑONES, Carlos (2010). «La ceguera de género en el profesorado», en VÁZQUEZ, Isabel (coord.), *Investigaciones multidisciplinares en género. II Congreso Universitario Nacional Investigación y Género*. Sevilla: Universidade de Sevilla.
- GARCÍA-PÉREZ, Rafael; REBOLLO, M.^a Ángeles; VEGA, Luisa; BARRAGÁN-SÁNCHEZ, Raquel; BUZÓN, Olga e PIEDRA, Joaquín (2011). «El patriarcado no es transparente: competencias del profesorado para reconocer la desigualdad». *Cultura y Educación*, 23(3): 385-397.
- GRAÑERAS, Montserrat e MAÑERU, Ana (coords.). *Revisión bibliogràfica sobre mujeres y educación (1983-2007)*. Madrid: Instituto da Muller e CIDE.
- INSTITUTO DA MULLER (2005). *Tomar en serio a las niñas*. Madrid: Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais.
- INSTITUTO DA MULLER e CIDE (2006). *Incorporación y trayectoria de niñas gitanas en la ESO*. Madrid: Instituto da Muller.
- IZQUIERDO, M.^a Jesús (coord.) (2008). *Cuidado y provisión: el sesgo de género en las prácticas universitarias y su impacto en la función socializadora de la universidad*. Madrid: Ministerio de Igualdade.
- LOMAS, Carlos (comp.). *¿Iguales o diferentes? Género, diferencia sexual, lenguaje y educación*. México: Paidós.
- MORA, Enrico e PUJAL, Margot (2014). «El cuidado y la provisión en el proyecto docente universitario» en UNIDADE DE IGUALDADE, *III Xornada en Xénero. Docencia e Investigación (105-135)*. Vigo: Universidade de Vigo.

- OBSERVATORIO PARA A IGUALDADE (2017b). *Perspectiva de gènere en les competències dels estudis de Ciències de l'Educació*. Bellaterra: Universidade Autònoma de Barcelona.
- PERELLÓ, Fátima (2013). *Assimetries del gènere a la Universitat de València*. Valencia: Universidade de Valencia.
- PIÉ-BALAGUER, Asun (2009a). «De la teoria queer i altres maneres de pensar l'educació». *Temps d'educació*, 37: 253-270.
- PIÉ-BALAGUER, Asun (2009b). *Educació social i teoria queer. De l'alteritat o les dissidències pedagògiques*. Barcelona: UOC.
- PIEDRA, Joaquín (2014). *Género, masculinidades y diversidad. Educación física, deporte e identidades masculinas*. Barcelona: Octaedro.
- REBOLLO, Ángeles (coord.) (2006). *Género e interculturalidad: educar para la igualdad*. Madrid: Aula Abierta/Muralla.
- RENAU, M. Dolors (ed.) (2012). *Cómo aprender a amar en la escuela*. Madrid: La Catarata.
- RIFÀ VALLS, Montserrat e DUARTE CAMPDERRÓS, Laura (2013). «Interseccionalidades del género, desigualdad y educación superior: categorías, indicadores y estrategias en la investigación», en ZAPATA, Martha; GARCÍA, Sabina e CHAN, Jennifer (eds.), *La interseccionalidad en debate* (77-98). Berlín: Freie Universität Berlin.
- RIFÀ-VALLS, Montserrat; DUARTE-CAMPDERRÓS, Laura e PONFERRADA, Maribel (eds.) (2015). *Nuevos desafíos para la inclusión social y la equidad en educación superior*. Barcelona, Costa Rica e Berlin: UAB, UNA e FU.
- RODRÍGUEZ-MARTÍNEZ, Carmen (comp.) (2007). *Género y currículo. Aportaciones del género al estudio y práctica del currículo*. Madrid: Akal.
- SÁNCHEZ-BLANCO, Concha (2003). «A propósito de la feminización de la docencia en educación infantil». *Aula de Infantil*, 13: 34-40.
- SIMÓN, María Elena (2010). *La igualdad también se aprende. Cuestión de coeducación*. Madrid: Narcea.
- SKELTON, Christine; FRANCIS, Becky e SMULYAN, Lisa (eds.) (2006). *The SAGE handbook of Gender and Education*. Londres: Sage.
- SOLSONA, Núria (2016). *Ni princeses ni pirates. Per a educar nens i nenes en llibertat*. Barcelona: Eumo.

- SUBIRATS, Marina (2017). *Coeducación, apuesta por la libertad*. Madrid: Octaedro.
- SUBIRATS, Marina (2007). *Balones fuera: reconstruir los espacios desde la coeducación*. Barcelona: Octaedro.
- TALBURT, Susan e STEINBERG, Shirley (eds.) (2005). *Pensando «queer»: sexualidad, cultura y educación*. Barcelona: Graó.
- TOMÉ, Amparo e RAMBLA, Xavier (2001). *La coeducació de les identitats masculines a l'educació secundària*. Bellaterra: Universidade Autònoma de Barcelona.
- UNESCO (2015). *A Guide for Gender Equality in Teacher Education Policy and Practices*. <https://bit.ly/34cFhhx>.
- UNIDADE DE IGUALDADE (2014). *III Xornada en Xénero. Docencia e Investigación*. Vigo: Universidade de Vigo.
- VV. AA. (2000). *Pedagogia del segle xx en femení*. Barcelona: Universidade de Barcelona.
- VV. AA. (1999). *Pedagogia amb veu de dones*. Barcelona: Universidade de Barcelona.

Ligazóns a guías docentes de materias específicas de xénero

- Cartografías do Xénero. Transicións e Identidades na Investigación. Máster Universitario en Investigación en Educación (UAB) <https://bit.ly/2LNY5gL>
- Diversidade e Coeducación. Grao de Educación Infantil (US) <https://bit.ly/2PEo6QH>
- Educación e Xénero nunha Sociedade en Cambio. Máster Universitario en Estudos de Mulleres, Xénero e Cidadanía (IIEDG). <https://bit.ly/2PcYNgU>
- Educación para a Igualdade de Xénero. Grao de Educación Social (UIB) <https://bit.ly/2LNYoYX>
- Gender and Education (University of Gothenburg) <https://bit.ly/2qJdTdh>
- Gender and Education. An Intersectional Perspective in Contemporary Settings (Malmö University) <https://bit.ly/34bkiLV>
- Gender and Primary Education (The University of Edinburgh) <https://bit.ly/38yJwXY>

Historia da Educació das Mulleres. Grao de Pedagogía (UGR) <https://bit.ly/2tdvds1>

Máster Universitario en Igualdade, Xénero e Educación (USC) <https://bit.ly/2Cakov9>

Sexuality, Women, and Gender Certificate (Teachers College, Columbia University) <https://bit.ly/2YCDPEh>

Glosario

Coeducación. «A acción educadora que potencia a igualdade real de oportunidades e valora indistintamente a experiencia, as aptitudes e a achega social e cultural de mulleres e homes, en igualdade de dereitos, sen estereotipos sexistas, homofóbicos, transfóbicos ou androcéntricos nin actitudes discriminatorias por razón de sexo, orientación sexual, identidade de xénero ou expresión de xénero». Artigo 2.d) da Lei 17/2015 da Generalitat de Cataluña, do 21 de xullo, de igualdade efectiva de mulleres e homes.

Feminización. Saskia Sassen refírese á feminización da supervivencia ou a feminización no contexto da globalización económica como «a feminización da forza do traballo, un fenómeno que con diferentes trazos se incrementou ao longo das últimas tres décadas nos países hexemónicos e periféricos, e a feminización da pobreza» (Vega Solís e Gil Araujo, citado en Sassen, 2003: 20-21).

No ámbito da educación, adoito se critica a sobrerrepresentación das mulleres nos estudos, cando esta alta presenza está directamente relacionada coa precarización dos traballos en educación, en especial, en educación infantil e primaria, onde se asocia máis aos traballos de coidado.

Educación performativa. Educación ou pedagogía baseada na *performance*. Desde esta perspectiva, póñense en valor os procesos de aprendizaxe abertos, como resultado das accións na aula; a experiencia persoal e colectiva de construción política de identidades, corpos, xéneros e sexualidades; e as relacións pedagóxicas baseadas no xogo, na *performance* e na experimentación.

•• 08. Para afondar

- ALBERTÍN, Ana M.^a e ZUFIAURRE, Benjamín (2006). *La educación infantil como tarea de maestras*. Barcelona: Octaedro.
- ANYON, Jean (1983). «Intersections of Gender Class: Accommodation and Resistance by Working-Class and Affluent Females to Contradictory Sex-Role Ideologies», en WALKER, Stephen e BARTON, Len (eds), *Gender, class and education*. Nova York: Routledge.
- ARNOT, Madeleine e WEILER, Kathleen (1993). *Feminism and Social Justice in Education*. Londres: Routledge.
- BELZUNEGUI, Ángel; BRUNET, Ignasi; PASTOR, Imma e VALLS, Francesc (2008). *Mestres, escoles i igualtat entre gèneres. La transmissió de valors igualitaris en l'educació primària vista pel col·lectiu docent*. Tarragona: ICD e Arola Editors.
- BORING, Anne (2014). *Gender Biases in Student Evaluations of Teachers*. <https://bit.ly/2LMtGiV>.
- BORING, Anne; OTTOBONI, Kellie e STARK, Philip B. (2016). *Student evaluations of teaching (mostly) do not measure teaching effectiveness*. <https://bit.ly/2RLcIFA>.
- CANNELLA, Gaile S. e VIRURU, Radhika (2004). *Childhood and Postcolonization. Power, Education, and Contemporary Practice*. Nova York e Londres: Routledge.
- CARRERA, M.^a Victoria; LAMEIRAS, María; CID, Xosé M.; RODRÍGUEZ, Yolanda e ALONSO, Patricia (2005). «De las tecnologías del género a las tecnologías de la subversión, un desafío pedagógico para la educación social». *Revista de Educación Social*, 21: 8-27.
- CARTER, Norvella e VAVRUS, Michael (2018). *Intersectionality of Race, Class, and Gender in Teaching and Teacher Education*. Leiden, NL: Brill/Sense.
- COLL-PLANAS, Gerard e MISSÉ, Miquel (eds.). (2010). *El género desordenado. Críticas en torno a la patologización de la transexualidad*. Barcelona/ Madrid: Editorial Egalés.

- ELLSWORTH, Elizabeth (2005). *Posiciones en la enseñanza. Diferencia, pedagogía y el poder de la direccionalidad*. Madrid: Akal.
- EPSTEIN, Debbie; O'FLYNN, Sarah e TELDFORD, David (2003). *Silenced Sexualities in Schools and Universities*. Stoke-on-Trent: Trentham Books.
- FAUSTO-STERLING, Anne (2006). *Cuerpos sexuados. La política de género y la construcción de la sexualidad*. Barcelona: Melusina.
- GALOFRÉ, Pol e MISSÉ, Miquel (eds.). (2015). *Políticas trans. Una antología de textos desde los estudios trans norteamericanos*. Barcelona/Madrid: Editorial Egalés.
- GORE, Jennifer (1996). *Controversias entre las pedagogías. Discursos críticos y feministas como regímenes de verdad*. Madrid: Morata.
- GRUMET, Madeleine (1988). *Bitter Milk: Women and Teaching*. Amherst: University of Massachusetts Press.
- HARDING, Sandra (1996). *Ciencia y feminismo*. Madrid: Morata.
- HOOKS, Bell (1994). *Teaching to Transgress. Education as the Practice of Freedom*. Nova York e Londres: Routledge.
- JIMÉNEZ, Rocío (2007). «Discurso de género y práctica docente». *Revista de Investigación Educativa*, 25(1): 59-76.
- JIMÉNEZ, Magdalena (2009). «Historia oral en educación. Lo memorable del recuerdo, la importancia de la palabra», en BERRUEZO, M.^a Reyes e CONEJERO, Susana (coords.), *El largo camino hacia una educación inclusiva (719-726)*. Navarra: Universidade Pública de Navarra.
- HENDERSON, Emily (2015). *Gender Pedagogy. Teaching, Learning and Tracing Gender in Higher Education*. Londres: Palmgrave.
- KAPLAN, Carina V. (2016). *Género es más que una palabra. Educar sin etiquetas*. Bos Aires: Miño y Dávila Editores.
- KOROL, Claudia (comp.) (2007). *Hacia una pedagogía feminista. Género y educación popular*. Bos Aires: El Colectivo.
- KUMASHIRO, Kevin (2002). *Troubling Education: Queer Activism and Antioppressive Pedagogy*. Nova York: Routledge.
- LAHELNA, Elina (2014). «Troubling Discourses on Gender and Education». *Educational Research*, 56(2): 171-183.

- LATHER, Patty (1991). *Getting smart. Feminist Research and Pedagogy with/in the Postmodern*. Nova York e Londres: Routledge.
- LUKE, Carmen (comp.) (1999). *Feminismos y pedagogías en la vida cotidiana*. Madrid: Morata.
- LUKE, Carmen e GORE, Jennifer (1999). «Mujeres en el medio académico. Estrategias, lucha y supervivencia», en BELAUSTEGUIGOITIA, Marisa e MINGO, Araceli (eds.), *Géneros prófugos: feminismo y educación* (369-389). México: Universidade Nacional Autónoma de México.
- MARTÍNEZ, Irene (2015). «Para repensar la educación en clave feminista y postcolonial frente a la invisibilización de las mujeres y las niñas en la educación africana». *Revista de Educación Social*, 21: 154-169.
- MCLEOD, Julie (1998). «The promise of freedom and the regulation of genderfeminist pedagogy in the 1970s». *Gender and Education*, 10(4): 431-445.
- McROBBIE, Angela (1978). «Working Class Girls and the Culture of Femininity», en WOMEN'S STUDIES GROUP (eds.), *Women Take Issue: Aspects of Women's Subordination* (35-60). Londres: Hutchinson.
- MENGEL, Frederike; SAUERMAN, Jan e ZÖLITZ, Ulf (2016). *Gender Bias in Teaching Evaluations*. <https://bit.ly/2PeOFNy>.
- MILLER, Janet L. (1982). «The Sound of Silence Breaking: Feminist Pedagogy and Curriculum Theory». *Journal of Curriculum Theorizing*, 4(1): 5-11.
- MITRANO, Barbara (1981). «Feminism and Curriculum Theory: Implications for Teacher Education». *Journal of Curriculum Theorizing*, 3(2): 5-85.
- MONTOYA, Milagros (2002). *Escuela y educación ¿Hacia dónde va la libertad femenina?* Madrid: Horas y Horas.
- NASH, Mary e TAVERA, Susanna (eds.) (2003). *Las mujeres y las guerras. El papel de las mujeres en las guerras de la edad antigua a la contemporánea*. Barcelona: Icaria.
- ÖHRN, Elisabet e WEINER, Gaby (2017). «Gender, Justice, and Equity in Education», en VV. AA. *Oxford Research Encyclopedias – Education*. <https://bit.ly/2PEXnDA>.

- ORNER, Mimi. (1999). «Interrumpiendo los llamados para una voz de el y la estudiante en la educación «liberadora». Una perspectiva postestructuralista feminista», en BELAUSTEGUIGOITIA, Marisa e MINGO, Araceli (eds.), *Géneros prófugos: feminismo y educación* (117-134). México: Universidade Nacional Autónoma de México.
- PAGANO, Jo Anne (1990). *Exiles and Communities: Teaching in the Patriarchal Wilderness*. Albany: State University of New York Press.
- PIUSSI, Anna María e MAÑERO, Ana (coords.) (2006). *Educación, nombre común femenino*. Barcelona: Octaedro.
- PLATEAU, N. (1996). «La coeducación: un largo camino que recorrer», en CLAIR, René (ed.), *La formación científica de la mujer ¿por qué hay tan pocas científicas?* (61-70). Madrid: Los Libros de la Catarata.
- RIFÀ-VALLS, Montserrat (2014). «Identitats queer, cossos i sexualitat en les narratives fílmiques de la infancia de Kore-eda Hirokazu». *Temps d'educació*, 47: 143-17.
- RIVAS, Nacho; HERNÁNDEZ, Fernando; SANCHO, Juana M. e NÚÑEZ, Claudio (2012). *Historias de vida en educación. Sujeto, diálogo, experiencia*. Barcelona: Dipòsit Digital UB.
- RUBIN, Gayle (1975). «The Traffic in Women: Notes on the Political Economy of Sex», en REITER, Rayna R. (ed.), *Toward an Anthropology of Women* (157-210). Nova York e Londres: Monthly Review Press.
- SASSEN, Saskia (2003). *Contra geografías de la globalización. Género y ciudadanía en los circuitos transfronterizos*. Madrid: Traficantes de Sueños.
- TALBURT, Susan (2000). *Subject to identity. Knowledge, Sexuality, and Academic Practices in Higher Education*. Nova York: State University Press.
- TRUJILLO, Gracia (2015). «Pensar desde otro lugar, pensar lo impensable: hacia una pedagogía queer». *Educação e Pesquisa*, 41: 1527-1540.
- WALLENSTEIN, Sandra (1979). «Notes Toward a Feminist Curriculum theory». *Journal of Curriculum Theorizing*, 1(1): 186-190.

- WALKERDINE, Valerie (2000). «La infancia en el mundo post-moderno: la psicología de desarrollo y la preparación de los futuros ciudadanos», en TADEU, Tomaz (coord.). *Las pedagogías psicológicas y el gobierno del yo en tiempos neoliberales* (83-108). Sevilla: Publicaciones MCEP.
- WALKERDINE, Valerie (1995). «Psicología del desarrollo y pedagogía centrada en el niño. La inserción de Piaget en la educación temprana», en LARROSA, Jorge (ed.). *Escuela, poder y subjetivación* (79-152). Madrid: La Piqueta.
- WALSH, Catherine (ed.) (2013). *Pedagogías decoloniales. Prácticas insurgentes de resistir, (re)existir y (re)vivir*. Tomo I. Quito: Abya Yala.

GUÍAS PARA UNHA DOCENCIA UNIVERSITARIA CON PERSPECTIVA DE XÉNERO

A incorporación efectiva da perspectiva de xénero na docencia universitaria segue a ser un reto pendente, a pesar do marco normativo vixente nos contextos europeo e estatal. Aplicada ao ámbito universitario, a transversalización de xénero é unha política integral orientada a promover a igualdade de xénero e a diversidade na investigación, a docencia e a xestión das universidades, todos eles ámbitos afectados por diferentes prexuízos. Unha transferencia de coñecemento nas aulas sensible á incorporación da perspectiva de xénero comporta diferentes beneficios, tanto para o profesorado como para o alumnado, e mellora a calidade docente e a relevancia social dos coñecementos, das tecnoloxías e das innovacións (re)producidas. Sobre estas bases e a estes obxectivos conságrase a colección de guías temáticas elaboradas pola Xarxa Vives d'Universitats e agora trasladadas á lingua galega, no marco das iniciativas financiadas con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e desenvolvidas polas unidades de igualdade do Sistema Universitario Galego.

Ciencias da Computación

PALOMA MOREDA POZO

Dereito e Criminoloxía

M. CONCEPCIÓN TORRES DÍAZ

Educación e Pedagogía

MONTSERRAT RIFÀ VALLS

Filoloxía e Lingüística

MONTSERRAT RIBAS BISBAL

Filosofía

SONIA REVERTER-BAÑÓN

Física

ENCINA CALVO IGLESIAS

Historia

MÓNICA MORENO SECO

Historia da Arte

M. LLÜISA FAXEDAS BRUJATS

Medicina

MARÍA TERESA RUIZ CANTERO

Psicoloxía

ESPERANZA BOSCH FIOL
SALUD MANTERO HEREDIA

Socioloxía, Economía e Ciencia Política

ROSA MARIA ORTIZ MONERA
ANNA MARIA MORERO BELTRÁN

Xarxa Vives
d'universitats



galegía



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Universidade de Vigo